

Unha Gala do Libro Galego moi igualada

Redacción | 22 de Maio de 2017



Gañadoras e gañadores da II Gala do Libro Galego

A segunda edición da Gala do Libro Galego foi máis equilibrada nos premios e confirmou que a concentración parcelaria nos premios do sector do libro era máis que necesaria.

A Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), a Asociación Galega

de Editoras e da Federación de Librarías de Galicia volveron xuntarse para convocar os Premios da II Gala do Libro Galego 2017, que foron entregados o pasado sábado no Teatro Principal de Santiago para "recoñecer a excelencia do traballo literario realizado no ámbito editorial ao longo do ano 2016 en Galiza". Poden ver a gala completa [neste vídeo en Youtube](#).

Na categoría de narrativa o gañador foi **Xosé Monteagudo** coa novela 'Todo canto fomos' (Galaxia), "unha gran novela con pouco recoñecemento", segundo o xurado, que lle recoñeceu a súa calidade e ambición á hora de reflectir a realidade dunha época.

En poesía **Antía Otero** acadou o galardón coa obra 'O cuarto das abellas' (Xerais), da que se destacou que "crea un mundo propio a través das imaxes", "un diálogo coa literatura que conmove o lectorado".

No apartado de ensaio, o premio rematou nas costas de **Mercedes Queixas** e o seu 'Labrego con algo de poeta: biografía de Manuel María' (Galaxia), definida polo xurado como unha obra "moi pedagóxica, de fácil lectura e moi divulgativa, con funcionamento moi exitoso nas librarías".

O colaborador do Sermos **Henrique Harguindey** resultou gañador na categoría de tradución grazas á obra 'Historia do nobre Ponto, que foi rei de Galiza e de Bretaña', publicado pola editorial especializada Rinoceronte. Nesta ocasión o xurado valorou "a dificultade técnica de imitar o estilo doutra época e valora positivamente a idoneidade e necesidade a escolla esta obra para a tradución ao galego".

En literatura infantil e xuvenil a gañadora foi **Ledicia Costas**, unha das máis exitosas narradoras neste eido, que xa ten acadado outros múltiples galardóns. Desta volta a obra recoñecida foi 'Jules Verne e a vida das mulleres planta' (Xerais), na que o xurado estimou "o proceso de transformación moi imaxinativo empregando o recurso da muller planta, a partir do que se teceu unha historia moi imaxinativa e plástica, que permite unha lectura moi visual".

En libro ilustrado volveu gañar unha das editoriais especializadas, Kalandraka, co libro 'Canta connosco', de **Óscar Villán**, "pola súa fluidez e narrativa" e pola "súa plástica orixinal, que escapa da redundancia co texto, achegando un significado propio co seu deseño".

E, finalmente, en teatro a obra recoñecida foi 'Moito Morro Corporation. Sociedade Limitada' (Galaxia), de **Carlos Labraña**, a quen se lle recoñeceu "o feito de ser capaces de introducir nunha obra unha cuestión de actualidade". O xurado tamén salientou o feito de que sexa un libro orientado a un público que non soe consumir este xénero, "polo que se valora a necesidade de darlle valor ao teatro infantil".

Iniciativas recoñecidas

Alén das obras premiadas, nesta Gala galardoáronse varias iniciativas no mundo do libro, como a plataforma de crítica literaria feminista **A Segra** como mellor proxecto literario na rede, de quen se gabou a "capacidade de artellar a varias mulleres facendo crítica, resaltando a vertente feminista da plataforma".

En canto á iniciativa bibliográfica, a gañadora resultou o proxecto "Aula sen paredes" de **Rosalía Fernández Rial** e Edicións Positivas, onde o xurado valorou "a metodoloxía empregada e a introdución de linguaxe non verbal" nun dos "poucos traballos de didáctica probada en galego".

O ciclo "Vermú entre libros" da pontevedresa **Librería Paz** levou o galardón á mellor iniciativa cultural ou de fomento da lectura, da que se destacou o seu "esforzo e reducido orzamento" alén da súa "aposta por un modelo empresarial moi axeitado para dinamizar o mundo da librería".

En xornalismo cultural, premio que acadou na pasada edición Sermos Galiza, o gañador foi o programa da TVG **Zig-zag Diario** "pola constancia da atención ao xornalismo cultural, sustentada na necesidade de espazos culturais dentro da televisión pública".

Premios honoríficos

Ademais, entregáronse os premios honoríficos de cada unha das entidades convocantes. A Federación de Librerías de Galicia outorgoullo á **Librería Platero**, de Ourense; a Asociación de Galega de Editoras premiou e recoñeceu a traxectoria como editor de **Ánxel Casal**, e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega concedeu o galardón Escritora Galega Universal á autora portuguesa **Hélia Correia**.